

CICLO PENSARMOS

TERESA RODRÍGUEZ MONTAÑÉS
A trata de seres humanos e escravitudes do século XXI

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
Xoves, 28 de novembro de 2019



Posverdade, fascismos dixitais, tecnopersoas, precarización da vida, perda de liberdades, deterioración medioambiental, poshumanismo.... Enchemos de novos termos os andeis do noso pensamento. Asistimos a unha proliferación de palabras e conceptos para enfrontarnos a unha época convulsa. A economía do efémero demándanos respostas rápidas e simples ante problemas complexos. Pensar sen présas ou debater ideas e visións diversas do mundo . caron convertidas en actividades de luxo ou en ideas románticas doutros tempos. Agora todo semella moverse na inmediatez das redes. Porén, o pensamento necesita tempos de encontro, de compartir devagar perspectivas e dúbidas.

Propoñémosvos neste ciclo de charlas, debates e intercambio de ideas un tempo compartido para a reflexión, para abordar os problemas da actualidade, para facer redes de conexións e contribuír a que sexamos un pouco máis libres. O vello dictum ilustrado, sapere aude, hoxe deveu máis necesario que nunca. “Atrévete a pensar” é un exercicio a contracorrente, unha pequena revolución cotiá. Quedades convidadas e convidados a un espazo compartido de reflexión e análise crítica do mundo que nos tocou vivir. Se pensar vos presta, agardámosvos cunha única condición, a predisposición a gozar das palabras compartidas.

Durante os anos 2019 e 2020 cada cuarto xoves de mes o ciclo Pensarmos ofreceranos a oportunidade de encontrarnos con nomes relevantes no pensamento actual que establecerán un diálogo tanto con integrantes da Sección de Pensamento do Consello da Cultura Galega como co público asistente sobre temas tan vixentes como feminismo, fascismos, verdade, intimidade, investigación, precariedade ou humanismo.

16 de xaneiro de 2020: Fernando Broncano

27 de febreiro de 2020: José María Lassalle

PROGRAMA

18:00 horas

Presentación

18:15 horas

A trata de seres humanos e escravitudes do século XXI

Teresa Rodríguez Montañés dialoga con Inmaculada Valeije Álvarez

Teresa Rodríguez Montañés

León, 1965. Doutora en Dereito. Escritora, investigadora, consultora nacional e internacional. Experta en dereito penal e dereitos humanos. Na actualidade é catedrática de Dereito Penal da Universidad de Alcalá (UAH). Con anterioridade foi, durante doce anos, letrada do Tribunal Constitucional español.

É autora de catro monografías e máis de corenta artigos, tanto en temas estritamente penais como en cuestións relativas á xurisdición constitucional e dereitos fundamentais. As súas liñas de investigación inclúen delitos de perigo, delincuencia económica, criminalidade empresarial, terrorismo, tortura, aborto, violencia de xénero, liberdade de expresión e trá. co de seres humanos. Durante os últimos dez anos traballou activamente na loita contra o tráfico de seres humanos, non só no ámbito académico, senón colaborando activamente con policía, fiscalía e organizacións non gobernamentais a nivel nacional e internacional. Foi investigadora nos proxectos europeos «The fight against trafficking in human beings in EU: promoting legal cooperation and victims' protection» e «Psychological Health Impact of THB for sexual exploitation on female victims. Consequences for stakeholders» (PHIT); é membro do programa «Regional Implementation Initiative against

Trafficking in Human Beings», que se reúne periodicamente en Viena, e dirixe o Curso de experto na loita contra o tráfico de seres humanos, título propio da UAH e o único curso de posgrao universitario na materia. Desde o ano 2016 comezou a investigar nun novo proxecto denominado «Business and human trafficking», centrado no papel e a responsabilidade das empresas e o mundo dos negocios na prevención e erradicación do comercio de seres humanos e as novas formas de escravitude contemporánea.

Inmaculada Valeije Álvarez

Profesora titular de Dereito Penal e profesora do programa «Jean Monnet» do Centro Europeo de Excelencia da Universidade de Vigo na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo. Licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela (1987), doutora en Dereito pola Universidade da Coruña (1993) e Premio Extraordinario de Doutoramento pola mesma universidade (1994). Ten unha ampla experiencia docente noutras universidades. Entre 1992 e 2003 desempeñou o cargo de conciliadora-mediadora pola provincia de Pontevedra en materias de procedementos extraxudiciais en conflitos de traballo no Consello Galego de Relacións Laborais (Xunta de Galicia). Foi maxistrada suplente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (1996-1998) e maxistrada suplente da Audiencia Provincial de Pontevedra (2002-2004). Entre 2010 e 2014 foi secretaria xeral da Universidade de Vigo. Desde 2015 é secretaria do Consello de Administración da Editorial Galaxia e desde 2017 secretaria do Padroado da Fundación Penzol.

ORGANIZA

Sección de Pensamento (CCG)

Consello da Cultura Galega

COORDINA

Carme Adán Villamarín

LUGAR

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

Praza do Obradoiro, s/n

15705 Santiago de Compostela

Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

INSCRICIÓN

A inscrición é gratuíta.

O número de prazas é limitado (100 persoas).

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

MÁIS INFORMACIÓN

www.consellodacultura.gal

difusion@consellodacultura.gal

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>

